

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1.- Que o 23 de maio de 1955, foi aprobado o Consorcio que para o monte "NOCEDA E DONGOS", LU-3020, como pertencente as parroquias de Noceda e Doncos, subscribiran o Concello de As Nogais e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- que o 19 de xaneiro de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE FERREIRAS", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferreiras, parroquia de Noceda, Concello de As Nogais. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 68, do martes 23 de marzo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 18 do mes de xuño deste ano a Xunta Rectora de dita Comunidade, conforme có acordado por ésta en Asemblea Xeral celebrada o día 16 do mesmo mes, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 78 Hás. do monte da súa pertenza, nas que se incluírían 58 Hás. do monte "NOCEDA E DONGOS", LU-3020 e 20 Hás., sen consorciar, que aportarían de novo,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o Consorcio do monte "NOCEDA E DONGOS", LU-3020 e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4°.- que en consecuencia, o novo monte "DE FERREIRAS", queda constituído por:

58 Hás. do monte "NOCEDA E DONGOS", LU-3020 e
20 Hás. que estaban sen consorciar.

5°.- Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas nas 58 Hás., a repoboación forestal dos terreos rasos que se aportan, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro o seu aproveitamento selvícola e aproveitamento do arboado preexistente que agora se inclúe e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordados con tales fins.

6°.- Que as superficies do monte "NOCEDA E DONGOS", LU-3020, eran:

superficie total.	453 Has.
superficie repoboadada.	450 "
superficie inforestal.	3 "

Como os montes que se indican as seguintes superficies:

M o n t e	Superficie total	Superficie repoboadada	Superficie inforestal
"TRAS DO CAMPO-REBOLEIRA, 2715513.	77 Hás.	77 Hás.	-
"VALIÑA MAIOR E OUTROS", 2715683.	106 "	105 "	1 Hás.
TOTAL.....	183 Hás.	182 Hás.	1 Hás.

as actuais, son:

superficie total.	270 Hás.
superficie repoboadada.....	268 "
superficie inforestal.	2 "

O novo monte "DE FERREIRA", pasan:

superficie total.	58 Hás.
superficie repoboadada.	57 "
superficie inforestal.	1 "

E como a Comunidade aporta de novo:

superficie total.	20 Hás.
superficie arboado preexis.	10 "
superficie rasa forestal....	10 "

as superficies, o día de hoxe, do monte do Convenio que se propoñe, son:

superficie total.	78 Hás.
superficie repoboadada.	57 "
superficie arboado preexis..	10 "
superficie rasa forestal....	10 "
superficie inforestal.	1 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	30.938.344,-Pts
pasados m/"TRAS DO CAMPO-REBOLEIRA"2715513	1.051.764,- "
pasados m/"VALIÑA MAIOR E OUTROS"2715683.	3.625.756,- "
saldo actual:	26.260.824.- "

o 31-12-1976, ano en que se clasificou como
veciñal en man común o monte da Comunidade-
de Ferreiras. 3.178.171,-Pts.

O ter en conta, conforme cas Disposición Adicional
Segunda de Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

57 x 26.260.824,-Pts. - 57 x 3.178.171,-Ptas. 5.182.757,-Pts.
268 450

b) Ingresos:

o 31-12-1995: 59.400,-Pts.
pasados m/"TRAS DO CAMPO-REBOLEIRA"2715513 -
pasados m/"VALIÑA MAIOR E OUTROS",2715683. 1.689,- "
saldo actual: 57.711,- "

8º.- E que os gastos que por traballos, administración
e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio
do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020, pasan a do Convenio do
monte "DE FERREIRAS", son:

a) GASTOS.-

traballos: 5.182.757,-Pts.
administración: 7,85 x 5.182.757,-Ptas.... 406.846,- "
100
gardería: 57 Hás. x 900,-Ptas./Há. 51.300,- "

TOTAL GASTOS. 5.640.903,- Pts.

b) INGRESOS.-

57 Hás. x 57.711,-Ptas..... 12.274,-Pts.

268 Hás.

TOTAL INGRESOS..... 12.274,-Pts

9º.- E que a conta do Convenio do monte "DE FERREIRAS" se abrirá cun saldo de:

5.640.903,- pesetas - 12.274,-pesetas: 5.628.629.-Pts
=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE FERREIRAS".
Elenco: 2715863.
Superficie: 78 Hás.
Pertenza: Comunidade de Ferreiras.
Concello: As Nogais.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE FERREIRAS" 2715863, se abra cun saldo de 5.628.629,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do consorcio do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que as características do monte LU-3020 sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "NOCEDA E DONCOS".
Elenco: LU-3020.
Superficie: 212 Hás.
Pertenza: Parroquias de Noceda e Doncos.
Concello: As Nogais.

4º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "DE FERREIRAS", 2715863, das contas do Consorcio do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 57 Hás. x 26.260.824,-Ptas. 5.585.325,-Pts.

268 Hás.

ingresos: 57 Hás. x 57.711,-Ptas. 12.274,- "

268 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,




Asdo: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación do consorcio LU-3020 do monte "Noceda e Dongos", nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Ferreiras (Concello de As Nogais), propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE FERREIRAS", constituído por 58 Has. do monte "Noceda e Dongos" e 20 Has. que estaban sen consorciar, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 1996

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'María Díz'.

Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome de monte: "DE FERREIRAS".

Elenco: 2715863.

Superficie: 78 Has.

Pertenza. Comunidade de Ferreiras.

Concello: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE FERREIRAS", 2715863, se abra cun saldo de 5.628.629,-pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se características do monte LU-3020 sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "NOCEDA E DONGOS".

Elenco: LU-3020.

Superficie: 212 Hás.

Pertenza: Parroquia de Noceda e Doncos.

Concello: As Nogais.

4°.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "DE FERREIRAS", 2715863, das contas do Consorcio do monte "NOCEDA E DONCOS", LU-3020, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 57 Hás. x 26.260.824,-Ptas. 5.585.325,-Ptas.

268 Hás.

ingresos: 57 Hás. x 57.711,-Ptas. 12.274,- "

268 Hás.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5863
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **MANUEL TRABADO NOVO** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE FERREIRAS"** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **23 de Maio de 1.955** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferreiras, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE FERREIRAS".**

Termo municipal: **As Nogais.**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferreiras, parroquia de Noceda, termo municipal de - As Nogais.**

Límites:

N.: **Montes "NOCEDA Y DONCOS", LU-3020 y "TRAS DO CAMPO-REBOLEIRA", 2715513;**

S.: **Propiedades particulares;**

S.: **Propiedades particulares y monte "NOCEDA Y DONCOS", LU-3020 y**

O.: **Mais monte veciñal da Comunidade de Ferreiras.**

Superficie: **78 (SETENTA E OCITO) Hás.**

Estado forestal: **57 (CINCOENTA E SETE) Hás. repoboadas, 10 (DEZ) Hás. con arbolado preexistente, 10 (DEZ) Hás. rasas forestais e 1 (UNHA) HÁ. inforestal.**

Con arbolado pertencente á comunidade propietaria do chan: **10 (DEZ) Hás.**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **57 (CINCOENTA E SETE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **11 (ONCE) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferreiras, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arbolado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **58 Hás. del monte "NOCEDA Y DONCOS", LU-3020.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o cen por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris nas zoas rasas na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " FERREIRAS ", veciños do lugar de Ferreiras, parroquia de NOCEDA, concello de AS NOGAIS - rexistrado co nº 0069 - Data do rexistro 07-11-90.-

2.— Que, así mesmo, figura Don MANUEL TRABADO NOVO, e Don ERNESTO CHAO MENDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6. 29-10-98.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 17 de xuño de 1996.



Don ERNESTO CHAO MENDEZ, Secretario de Comunidade de Ferreiras, termo municipal de As Nogais.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 16 de Xuño de 1.996 estando designado Don MANUEL TRABADO NOVO, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Ferreiras (As Nogais) a dezaoito de Xuño de mil novecentos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE.

Asdo.: Manuel Trabado Novo.

Asdo.: Ernesto Chao Méndez.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Asdo.: Manuel Trabado Novo.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (0. do 13/12/93)

Manuel Trabado Novo.
Ernesto Chao Méndez.
José Freijo Fernández.
Rufino Cubilledo Pérez.
José Manuel Novo Santín.

En el lugar de Ferreiras, siendo las doce horas del día 18 de Junio de 1.996, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Ferreiras, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por dicha Comunidad, en Asamblea General celebrada el día 16 del mes en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 78 Hás. del monte de su pertenencia, en las que se incluyen 58 Hás. del monte "NOCEDA Y DONCOS", consorciado por el Ayuntamiento de As Nogais y el Patrimonio Forestal del Estado y 20 Hás. sin consorciar, de ellas 10 Hás. con arbolado preexistente y 10 Hás. rasas, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "~~DE~~ FERREIRAS".

Superficie: 78 Hás.

Límites:

N.- Montes "NOCEDA Y DONCOS" y "TRAS DO CAMPO-REBOLEIRA";

E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y monte "NOCEDA Y DONCOS" y

O.- Más monte vecinal de la Comunidad de Ferreiras.

2º.- Solicitar de la citada Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "NOCEDA Y DONCOS".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

